

xuño, 14

Diego de Merí e Vasco de Prado ofrecen fianza polo barbeiro Lopo, que está preso. (fol. 92-92v)

Afonso Yanes juis.

En este día, por rason que Afonso Yanes juis tina preso en sua cadea a Lopo barbeiro, a pedimento et querella do criado de Loys Gonçalves de Valladolid, (fol. 92)

por ende se obrigou Diego de Merí e Vasco de Prado, ambos a dous de man comuun et cada huun por lo todo, de tornar a dita cadea a poder do dito Afonso Yanes ao dito Lopo, donde o sacavan, do día que fosen requeridos porlo dito juis, sendo enna vyla, a terçeiro día e fora a nove dias e de estar ao juiso e non o tornando que cumplan por el de dereito et de estar ao juiso e pagar o julgado, para o qual obrigarón sy e todos seus beens e mandaron faser contrauto forte e firme etc. Tests. mestre Fernando, Gonçalvo de Riba de Miño e Pero ommees do dito juis.